

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE RESOLVEN AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA O ANO 2024 PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN QUE PROMOVAN A PERSPECTIVA DE XÉNERO NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Publicada a convocatoria do ano 2024 para a organización de actividades de sensibilización que promovan a perspectiva de xénero na Universidade de Vigo por Resolución Reitoral do 06 de febreiro de 2024, e unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da comisión seguindo os criterios recollidos na convocatoria.

A comisión decidiu outorgar só axudas a aqueles proxectos que obtiveran 50 ou mais puntos.

Esta Reitoría resolve:

1. CONCEDER as seguintes axudas ás actividades sinaladas:

Proposta	Cantidade solicitada	Puntuación	Concedido final
Falemos de ciencia	2.000,00 €	96	1500,00 €
Enxeñaría x Mulleres (Centro de Investigación atlanTTic)	1.050,00 €	94	700,00 €
Exploradoras do Universo. Serie de pímulas de animación	2.000,00 €	90	1500,00 €
A pegada das mulleres	2.000,00 €	82	1500,00 €
A paratradución como mecanismo para desenmascarar o canon. A reivindicación das mulleres galegas a través de Ruth Matilda Anderson	250,00 €	77	200,00 €
Pensar el cine XI: La mujer como muñeca	800,00 €	64	500,00 €
II Xornadas de sensibilización: «Girlhood: representacións das nenas e as mozas nas narrativas audiovisuais contemporáneas»	1.400,00 €	62	500,00 €

Comunicar en Igualdade II	2.000,00 €	54	800,00 €
Ciclo de conferencias. Violencia Sexual e Xénero	1.000,00 €	53	400,00 €
Conversa con escritoras irlandesas : Reimaxinando o concepto de «fogar»	1.560,00 €	50	600,00 €
Obradoiro: <i>Fundraising</i> inclusivo como forza de cambio social	2.000,00 €	50	800,00 €

2. Non DENEGAR ningunha solicitude por chegar todas ao mínimo de 50 puntos nas valoracións da comisión

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da súa publicación (ou desde o día seguinte a ter recibido a súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou desde o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Manuel Joaquín Reigosa Roger